

Propostas de actividades elaboradas para que o alumnado continúe co seu proceso educativo nos seus domicilios.

Educación primaria:

Proposta de actividades para o alumnado de 1º de Educación Primaria

O alumnado de 1º de Educación Primaria e as súas familias teñen acceso a páxina web do centro, dentro do curso e etapa.

As actividades propostas para cada materia son variadas, pensando nas dificultades coas que se poden atopar as familias para acceder aos contidos, así como aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado. Todas as actividades son de reforzo e ampliación dos temas traballados na aula.

- **Lingua Galega e Lengua Castelá**, as actividades céntranse na práctica da lectoescritura: lecturas, ditados, fichas de grafomotricidade, comprensión lectora e expresión escrita. Ademais teñen acceso a vídeos de "Contos contados" en ambas as linguas e acceso a xogos e actividades online. Tamén realizan traballo nos cuadernillos de fichas de repaso, e como tarefa terminar o tema 8 de ambos libros. Traballan en SNAPPET e facemos seguimento dende a casa.

- **Matemáticas**, as actividades xiran entorno ao cálculo, a numeración e a resolución de problemas. Estes contidos son traballados a través do cuadernillo de fichas de repaso, traballo no libro do segundo trimestre tema 8. Traballan en SNAPPET e seguimento dende a casa.

- **Ciencias Sociais e Ciencias Naturais**, os contidos trabállanse a través da visualización de vídeos, actividades de comprensión, actividades online e fichas de repaso.

-**E. Física**, propostas de enlaces e vídeos para práctica de exercicios físicos, ioga, baile...

-**Ed. Artística 1º:**

- Participar nas actividades voluntarias que se propoñan dende a biblioteca, escoitar boa música, sobretudo escoitar aquelas audicións e visionar os vídeos que se propoñan polo profesor no grupo de wasap. Practicar as pezas coa fruta que se propoñan e repasar as que se viron na clase.

Proposta de actividades para o alumnado de 2º de Educación Primaria

O alumnado de 2º de Educación Primaria e as súas familias teñen acceso a páxina web do centro, dentro do curso e etapa.

As actividades propostas para cada materia son variadas, pensando nas dificultades coas que se poden atopar as familias para acceder aos contidos. Todas as actividades son de reforzo e ampliación dos temas traballados na aula.

- **Lingua Galega e Lengua Castelá:** as actividades céntranse na práctica de lecturas(O FRAUTISTA DE HAMELÍN, O COELLIÑO BRANCO,O GALO QUÍRICO), ditados, comprensión lectora e expresión escrita. Ademais teñen acceso a enlaces propostos, vídeos de "Contos contados" en ambas as linguas e acceso a xogos e actividades online.Tamén realizan traballo nos cuadernillos de fichas de repaso,e como tarefa terminar o tema 8 de ambos libros(2º trimestre).

Traballan en SNAPPET e facemos seguimento dende a casa.

- **Matemáticas:** as actividades xiran entorno ao cálculo, razoamento, repaso das táboas de multiplicar e a resolución de problemas. Estes contidos son traballados a través do cuadernillo de fichas de repaso, traballo no libro do segundo trimestre tema 8.

Traballan en SNAPPET e seguimento dende a casa.

- **Ciencias Sociais e Ciencias Naturais,** actividades online e fichas de repaso.

- **E.Física,** propostas de enlaces e vídeos para práctica de exercicios físicos,ioga,baile...

- **Ed. Artística 2º:**

- Participar nas actividades voluntarias que se propoñan dende a biblioteca, escoitar boa música, sobretodo escoitar aquelas audicións e visionar os vídeos que se propoñan polo profesor no grupo de wasap. Practicar as pezas coa fruta que se propoñan e repasar as que se viron na clase.